



ASOCIACION GALEGA DE ARTESANS

Nota de prensa

A Directora Xeral de Comercio da Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia, visitará mañá venres, 27 de xuño, os locais da Asociación Galega de Artesáns (AGA) na Coruña.

O motivo da visita é realizar un “Acto de presentación de actuacións derivadas das ordes de axudas da Dirección Xeral de Comercio en materia de artesanía”, das que esta asociación é beneficiaria.

AGA está celebrando este ano o seu 25 aniversario, para o que ten proxectada a organización de varios actos e a edición dunha publicación que recopila toda a súa traxectoria.

A Asociación Galega de Artesáns está formada actualmente por 343 socios de toda Galicia, dos 175 son da provincia da Coruña.

Dende a súa creación esta asociación profesional de artesáns, unha das máis dinámicas de todo o Estado, ten un gran protagonismo nas accións de promoción e posta en valor da artesanía de Galicia, organiza as feiras de artesanía máis importantes da Comunidade (Mostrart na Coruña e Ofeitoaman en Vigo), edita publicacións, e mantén un servizo de información e asistencia permanente para os seus socios e o público en xeral.

A cita é ás **12:00 h. no Camiño da Igrexa 38** (zona de Monelos, Igrexa de Oza).

A Coruña, 26 de xuño de 2008

www.galegadeartesans.org